

COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL DA  
UNIVERSIDADE DE VIGO

ACTA Nº2 – PERÍODO TERCEIRO

ASISTENTES

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

**COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA**

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

**XUNTA PAS**

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara Perez (CIG)

Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

Teresita Aboal Somoza (UGT)

**COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE**

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

Os membros da Comisión Tripartita para a negociación da Funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 4 de febreiro de 2021, na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 5 de novembro de 2020.
2. Exposición pola parte sindical da proposta de funcionarización presentada á xerencia.
3. Rolda de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 5 de novembro de 2020.**

A Xerenta logo de non ter recibido alegacións á acta achegada, sinala que queda aprobada por asentimento.

**2. Exposición pola parte sindical da proposta de funcionarización presentada á xerencia.**

A Xerenta comeza a reunión dicindo que, segundo se acordara na anterior reunión, recibíuse na xerencia unha proposta conxunta de parte dos órganos de representación do PAS. Pide aos presentes que expliquen os puntos non coincidentes coa proposta da xerencia así como outros que consideren oportunos. Por outra banda, explica o sistema de selección dentro deste proceso de funcionarización. Aplicando unha analoxía con outras administracións como a Universidade da Coruña ou a propia Xunta de Galicia, considera que o sistema máis acaído é o concurso-oposición. Considerando que neste proceso de funcionarización as persoas que aproben quedarán no mesmo posto, a incidencia da fase de concurso non vai ser relevante, pero por coherencia co histórico da propia universidade considera axeitado seguir co mesmo sistema de concurso-oposición.

Carlos Mollinedo di que a parte social chegou a un acordo de presentar un documento único dividido en dúas partes: unha primeira na que se reflicte a nova estrutura tanto de organización da RPT como organización retributiva e unha segunda parte fai referencia das inquedanzas sociais de todo o persoal da Uvigo. Considera oportuno organizar unha estrutura de traballo e elaborar un calendario de reunións para poder chegar a un acordo sobre este documento.

O presidente da Xunta PAS ratifica o expresado por Carlos Mollinedo dicindo que efectivamente é un documento único dividido en dúas partes. Pasa a explicar as diferencias máis salientables entre a proposta da xerencia e a achegada polos órganos de representación. Anéxase a proposta a esta acta.

A xerenta pide que e aclare a promoción dos TE de Laboratorio que promocionan sen titulación.

O Presidente da Xunta PAS explica que hai un apartado específico no Convenio Colectivo onde di que mediante negociación entre a xerencia e os órganos de representación poden quedar exentos de titulación.

A xerenta di que coa normativa actual non está claro que poida ser así, polo que habería que estudalo. Engade que lle parece acaído facer unha promoción do Grupo III de TE de laboratorio, TE TIC ao grupo A2 cun procedemento específico. En calquera caso queren estudar todo isto con detemento.

Carlos Mollinedo fai referencia á segunda parte do documento e di que, aínda que ben é certo que moitos dos dereitos do persoal laboral reflectidas no convenio colectivo xa están consolidados a través dun acordo de 2007, pero agora, de levarse a cabo a



funcionarización deben manterse, asegurarse e incluso mellorarse algunhas delas. Tamén fai referencia no chat tamén ao fomento do emprego e listas de agarda.


A xerenta di que a parte dos dereitos do persoal non puido vela con detemento, pero non ve ningún problema en establecer por escrito as vacacións, permisos e demais dereitos expostos.

O presidente da Xunta PAS quere explicar os complementos específicos de nivel 27 da Subdirección TIC, aclara que veñen derivadas das retribucións que teñen como laborais, xa que trasladar esas retribucións a persoal funcionario é complicado se non se fai a través do complemento específico. Os outros dous postos nos que se modifica o complemento específico son os de Xestor de apoio á docencia e investigación e os TE responsables de Grupo III, e isto é derivado da diferenciación de posto base que teñen como responsables. En canto ao proceso de selección, se debe ser concurso oposición ou só oposición, o único que di é que ten que haber un proceso selectivo, non pode ser nin só concurso e moito menos un curso de formación, xa que hai precedentes onde o Tribunal Constitucional non o aceptou e anulou o proceso de funcionarización.

A Xerenta responde que efectivamente ten que realizarse un proceso selectivo. Aínda que se inclina porque sexa concurso-oposición por analogía con outras universidades, estudará de novo o tema, xa que poida que esa opción alongue algo máis o proceso, en cuxo caso acordaríase facer só oposición. Remata dicindo que vai estudar todo o exposto, ver as contas retributivas co servizo de retribucións e co Vicerreitor de Economía. Agradece aos órganos de representación a súa unión á hora de presentar un documento público e empra a aos presentes á vindeira reunión que tentará que teña lugar a finais do mes de febreiro.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 11:00h

A Xerenta




Raquel M. Souto  
García

O Presidente do  
CEPO




Marcos Estévez Orge

Representante CEO



Rodrigo Alberte Pivida

O Presidente Xunta  
PAS F



Xoán M. Cebro  
Rodríguez

